

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o Estatuto Marco, cal das seguintes opcións é verdadeira?:

- A) A duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e á xornada ordinaria será de 48 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo trimestral, agás que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo.
- B) En canto á xornada de traballo, o período nocturno terá unha duración mínima de sete horas e incluírá necesariamente o período comprendido entre as cero e as cinco horas de cada día natural. En ausencia de tal definición, considerarase período nocturno o comprendido entre as 22 horas e as oito horas do día seguinte.
- C) Sempre que a duración dunha xornada exceda de seis horas continuadas, deberá establecerse un período de descanso durante a mesma de duración non inferior a 20 minutos. O momento de goce deste período supeditarase ao mantemento da atención dos servizos.
- D) Todas as opcións anteriores son falsas.

2. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Ao persoal estatutario temporal seralle aplicable, en todo caso, o réxime xeral do persoal estatutario fixo.
- B) Poderase acordar o cesamento do persoal estatutario eventual unicamente cuando se produza a causa ou venza o prazo que expresamente se determine no seu nomeamento.
- C) O importe anual do complemento de destino aboarase en 12 pagas.
- D) Ningunha das opcións anteriores é verdadeira.

3. Segundo a Lei de prevención de riscos laborais, os Delegados de Prevención serán designados por e entre os representantes do persoal. En caso de empresas de 50 a 100 traballadores, que número de delegados será designado?:

- A) 1 Delegado de Prevención.
- B) 2 Delegados de Prevención.
- C) 3 Delegados de Prevención.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

4. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, cal das seguintes opcións é correcta?:

- A) Os membros do Parlamento de Galicia serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos en ningún caso polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia.
- B) As leis de Galicia serán promulgadas en nome do Rei polo Presidente do Parlamento e publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.
- C) As leis de Galicia serán promulgadas en nome do Rei polo Presidente da Xunta e publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.
- D) Ningunha das anteriores é verdadeira.

5. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, sinala de entre as seguintes a opción falsa:

- A) De acordo co seu artigo 14, os poderes públicos procederán, mediante o correspondente desenvolvemento normativo, á aplicación da facultade de elección de médico na atención primaria da Área de Saúde. Nos núcleos de poboación de máis de 250.000 habitantes poderá elixir no conxunto da cidade.
- B) As Comunidades Autónomas poderán ditar normas de desenvolvemento e complementarias desta lei no exercicio das competencias que lles atribúen os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- C) As decisións e actuacións públicas previstas nesta lei que no se reservaran expresamente ás Comunidades Autónomas entenderanse atribuídas ao Estado.
- D) La opción b) y c) son falsas.

6. Cal das seguintes opcións de dereitos se configuran na sección de dereitos fundamentais da Constitución Española de 1978?:

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito á honra e á intimidade.
- C) O dereito de petición.
- D) b) y c) son verdadeiras.

7. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal das seguintes opcións é correcta?:

- A) A presente lei será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na comunidade autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos do Servizo Galego de Saúde.
- B) A presente lei será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na comunidade autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados concertados co Servizo Gallego de Salud.
- C) A declaración de instrucións previas deberá formalizarse mediante algún dos procedementos seguintes: ante notario ou ante dúas testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, dos cales un, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculados por relación patrimonial co outorgante.
- D) Todas as anteriores son falsas.

8. Según o disposto polo Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, cal das seguintes opcións é falsa con respecto aos procesos selectivos?:

- A) En cada convocatoria reservarase un número de prazas para ser cubertas entre persoas con discapacidade. A reserva farase efectiva naquelas convocatorias que oferten un mínimo de dez prazas da correspondente categoría ou especialidade.
- B) Os tribunais estarán compostos dun número impar de membros non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes. Todos os membros do tribunal, tanto titulares como suplentes, deberán ostentar a condición de persoal estatutario fixo dos servizos de saúde, en praza ou categoría para a que se exixa posuír titulación de nivel académico igual ou superior á exixida para o ingreso.
- C) As convocatorias para o acceso á condición de persoal estatutario fixo, naqueles supostos para os que non se exixa título académico ou profesional específico, poderán prever a superación dun período formativo ou de prácticas como requisito previo á obtención do correspondente nomeamento. Durante o dito período, que non poderá superar os tres meses, os aspirantes ostentarán a condición de aspirantes en prácticas, e percibirán as retribucións básicas, excluídos trienios, do grupo correspondente.
- D) Todas as opcións anteriores non se axustan ao disposto neste decreto.

9. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, cal das seguintes opcións é verdadeira?:

- A) A aprobación da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde correspóndelle á Consellería de Sanidade.
- B) O ámbito xeográfico de cada unha das áreas sanitarias determinarase por lei do Parlamento de Galicia por proposta do Consello da Xunta.
- C) O nomeamento e o cesamento do persoal directivo da Consellería de Sanidade e os dos entes, organismos e/ou instrumentos de xestión a ela adscritos, correspóndelle ao Consello da Xunta.
- D) Ningunha das opcións anteriores se axusta ao disposto nesta lei.

10. Cal das seguintes opcións é verdadeira segundo a Constitución Española de 1978?

- A) O Estado poderá concertar tratados de dobre nacionalidade cos países iberoamericanos ou con aqueles que tivesen ou teñan unha particular vinculación con España. Nestes mesmos países, se non recoñecen aos seus cidadáns un dereito recíproco, non poderán naturalizarse os españois sen que perdan a súa nacionalidade de orixe.
- B) En ningún caso, poderá facerse unha entrada ou rexistro domiciliario sen consentimento do titular ou resolución xudicial.
- C) A Constitución garante o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal das seguintes afirmacións é falsa?:

- A) A política en materia de prevención de riscos laborais deberá promover a integración eficaz da prevención de riscos laborais no sistema de xestión da empresa.
- B) As disposicións de carácter laboral contidas nesta lexe nas súas normas regulamentarias terán en todo caso o carácter de Dereito necesario mínimo indispoñible, podendo ser melloradas e desenvolvidas nos convenios colectivos.
- C) A presente lei non será de aplicación á relación laboral de carácter especial do servizo do fogar familiar.
- D) Todas as opcións anteriores son incorrectas.

2. De acordo co Estatuto Marco, cal das seguintes afirmacións non se axusta a esta lei?:

- A) O persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido de 12 horas entre o fin dunha xornada e o comezo da seguinte.
- B) Será declarado en situación de servizos especiais o persoal estatutario que sexa autorizado pola Administración pública competente, por períodos superiores a seis meses, para prestar servizos ou colaborar con organizacións non gubernamentais que desenvolvan programas de cooperación, ou para cumprir misións en programas de cooperación nacional ou internacional.
- C) O persoal declarado na situación de suspensión firme quedará privado durante o tempo de permanencia na mesma do exercicio das súas funcións e de todos os dereitos inherentes a súa condición. A suspensión firme determinará a perda do posto de traballo cando exceda de doce meses.
- D) b) e c) son falsas.

